

MANIFESTACIÓN

SOS
sanidade
pública

pola sanidade
que queremos
e merecemos !!

domingo, 4 de febreiro de 2024
ás 12:00, desde a Alameda
Santiago de Compostela



13 medidas urxentes pola sanidade que queremos e merecemos!!

- A Sanidade Pública Galega está en coma, na última fase do seu desmantelamento.
- É necesaria unha gran mobilización social e profesional para cambiar esta situación aberrante e inaceptábel.
- Chamamos a toda a cidadanía galega a encher a Praza do Obradoiro o 4 de febreiro, saíndo ás 12 desde a Alameda de Santiago de Compostela, cunha única voz en defensa da sanidade pública que queremos e que merecemos.

1. Incrementar o orzamento sanitario, especialmente na Atención Primaria, ata o 25% do total que indica a Organización Mundial da Saúde.
2. Incremento urxente do persoal de medicina familiar, pediatría e enfermería.
3. Apertura dos Centros de Saúde pechados e creación de novos onde sexa necesario.
4. Agrandar o número de ambulancias asistenciais e medicalizadas que na actualidade non chega para cubrir a demanda.
5. Implementación dun Plan Urxente para racionalizar as listas de agarda hospitalarias.
6. Garantir que a atención médica e o control da saúde das persoas incluídas na Dependencia se faga dende a sanidade pública.
7. Reintegración ao Sistema Público dos servizos privatizados. Recuperar o Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo para o Sistema Público.
8. Elaboración de forma consensuada dun Plan de Saúde Mental que dote ao Sistema Sanitario Público Galego de recursos e de persoal.
9. Eliminación da inestabilidade e precariedade laboral no Sistema Público e implementación dunha política xusta e incentivadora.
10. Concursos públicos transparentes e abertos para cubrir os cargos de xestión do Sistema Público. Erradicar as prácticas de clientelismo e nepotismo.
11. Restablecer as Xerencias de Atención Primaria e dotalas de capacidade resolutiva e orzamento propio.
12. Reorientar o sistema ao «modelo comunitario e participativo», para garantir unha atención integral.
13. Desmedicalizar o sistema, e acabar co uso irracional e abusivo dos fármacos e das novas tecnoloxías, e poñer o eixo do mesmo na Atención Primaria.